

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trece de febreiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de febreiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data febreiro de 2026, cun importe global de CENTO UN MIL NOVECIENTOS

NOVENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (101.999,48 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	93.989,28 €
✓ Honorarios de proxecto:	4.840,00 €
✓ Honorarios de dirección de obra:	2.420,00 €
✓ Honorarios de coordinación de seguridade e saúde:	750,20 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, con data 13/02/26, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado pola técnica municipal.

### ***3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA PROXECTO DE CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS EN ZONAS RURAIS***

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 19 de decembro de 2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos en zonas rurais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 en Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 7, do 13/01/26). O Sr. alcalde informa da conveniencia para o interese público de concorrer a dita convocatoria co obxecto de mellorar os servizos básicos nos lugares de Soeirexa e Santa Baia, ambos da parroquia de Santa Baia de Camba.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha subvención por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 €) para o financiamento do proxecto que coa súa denominación e orzamento deseguido se sinala:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA

ORZAMENTO TOTAL: 101.999,48 €, IVE incluído

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Resolución da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo aos orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

#### **4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DA LIÑA 2 DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2025**

En relación á subvención outorgada por resolución da Presidencia da Deputación de Pontevedra, de data 29/04/25, por importe de 53.205,41 €, para o financiamento de “*xestión de residuos sólidos urbanos*”, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, de conformidade coas Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 1, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2024 (expediente núm. [REDACTED]), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

— Subvención concedida: 53.205,41 €

— Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/0082	26/02/2025	13/03/2025	7.184,38 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/0476	28/02/2025	26/03/2025	5.887,53 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/0869	31/03/2025	08/05/2025	5.887,53 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/1124	30/04/2025	22/05/2025	6.268,96 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/1462	31/05/2025	03/07/2025	7.115,41 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/1757	30/06/2025	07/08/2025	6.437,20 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/2188	31/07/2025	03/09/2025	7.380,84€
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/2600	16/09/2025	30/09/2025	7.066,29 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/2826	30/09/2025	25/11/2025	6.968,06 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/3115	31/10/2025	25/11/2025	6.614,85 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/3572	30/11/2025	30/12/2025	6.283,59 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	████████	2025/3851	31/12/2025	30/01/2026	7.030,76 €

— Cantidade xustificada: 80.125,40 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Deputación de Pontevedra, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

#### 5.- DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS” – EXPEDIENTE ██████████

De conformidade co establecido na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de subministro denominado “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª,

apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde.

VOGAIS: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

## 6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 551,29 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/factura núm. 26A/20 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 1.355,20 €  
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. VG/26-000109.
- E.S. ATENEO S.L. 869,05 €  
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2026/FD/000181 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 599,45 €  
Por seguro anual do vehículo da AVPC, s/factura núm. 75202619900020001722 (FACe).
- OCCIDENT GCO S.A. 782,17 € E 329,55 €  
Por seguros anuais de vehículos municipais, s/facturas núm. APSPLUS202600000560 e APSPLUS202600000562 (FACe).

- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 64,78 €  
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361326FC0000831.
- BARRERAS DE SEGURIDAD S.L. 128,79 €  
Por subministro de sinais de tráfico para o lugar de Rodeiro, s/factura núm. 2026/39 (FACe).
- MIGUEL CONDE VALES 14,91 €  
Por subministro de chapa para obras municipais, s/factura núm. C-2026014.
- FERRODEIRO S.L. 837,84 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. VG/26-000157.
- ASCÁN SERVICIOS URBANOS S.L.U. 165,00 €  
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 81/ENE/26001171 (FACe).
- EVENTILANDIA S.L. 847,00 €  
Por instalación de inchables para a cabalgata de Reis, s/factura núm. FRA21/324 (FACe).
- MERCAHILBE S.L. 100,75 €  
Por subministro de doces para entrega polos Reis Magos, s/factura núm. 01000002.
- CANTERAS DEL ARENAL S.L. 1.362,00 €  
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000002 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)